

CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E PARA O MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN, NO ANO 2026.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Asociación Galega de Editoras (AGE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais, accións de fomento e promoción da lectura e do libro como motor do coñecemento.

No referente as actividades culturais, a AGE prevé realizar, entre outras, as seguintes:

- XXII Simposio O Libro e A Lectura 2026. A edición do Simposio deste ano centrarase na proxección internacional das editoriais, coa tradución como porta de entrada a outros mercados e coa participación de organismos de apoio á proxección do libro.
- Xornadas profesionais e formativas dirixidas a asociadas.

As xornadas profesionais ofrecense ás empresas asociadas coa finalidade de mellorar a súa competitividade e as competencias profesionais no sector do libro.

- Participación en eventos organizados por outros gremios de editores, como a Federación de Gremios de Editores de España e CEDRO.



- Participan en Forum Edita Barcelona, organizado polo Gremi d'Editors de Catalunya e a UPF Barcelona, evento anual de referencia para o sector editorial e que en 2026 acada a 11ª edición.
- Encontro da Edición, que este ano celebrárase en Compostela do 30 de xuño ao 2 de xullo.
- Mantemento da AGE.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AGE é a que ten entre os seus fins a consolidación do sector do sistema editorial galego, fomentando a competitividade das empresas do sector, a súa profesionalización, e a promoción e visibilización da produción propia.

Polo que a AGE é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

